

OCIO & CULTURA

Ferrín di que informará «ao seu debido tempo» sobre se repensa a súa dimisión

Asistiu este mediodía na sede da Real Academia Galega ao primeiro acto público [desde que anunciou a súa dimisión](#)

Luis Pousa | 28/2/2013 | 16:33 h

[Xosé Luís Méndez Ferrín](#) asistiu este mediodía na sede da Real Academia Galega ao primeiro acto público [desde que o pasado luns anunciou a súa dimisión como presidente da centenaria institución](#).

Ás insistentes preguntas dos xornalistas sobre a súa decisión de abandonar a Academia, Ferrín respondeu unha e outra vez cun rotundo «non hai comentarios». Só limitouse a responder que informará «ao seu debido tempo» sobre a posibilidade de repensar a súa dimisión ante as mostras de apoio de destacados académicos, [como Manuel Rivas](#) e Darío Xohán Cabana, e de entidades como a Asociación de Escritores en Lingua Galega e o Centro Pen Galicia, que pediron expresamente que continúe no seu cargo ata esgotar o seu mandado en xaneiro do 2014. Ante a pregunta de como estaba dixerindo o conflito na Real Academia Galega sinalou: «Moi enxeñoso. Ben, grazas».

Méndez Ferrín fixo estas declaracións tras presidir, na sede da Real Academia Galega, a presentación do Dicionario de alimentación e restauración, acto no que interviron tamén o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, e Manuel González, tesoureiro da Academia e coordinador desta publicación.